



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar da **Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 148 do Regulamento da Cámara, **presenta a seguinte INTERPELACIÓN**, relacionada co estado dos servizos de atención especializada e de urxencias no Servizo Galego de Saúde, peche de camas e traslados a clínicas privadas.

A situación de saturación das urxencias dos nosos hospitais públicos é unha situación claramente cronificada. Vémolo porque, independentemente da época do ano, sucédense episodios de colapsos, cada vez con máis frecuencia, xerando grande impotencia nas e nos sanitarios e tamén nas persoas doentes e nas súas familias, cuxa paciencia, tras horas de espera, é posta continuamente a proba.

É unha situación claramente cronificada pero tamén inherente ao modelo de sistema sanitario neoliberal. O PP vén facendo dos recortes de medios e de persoal a súa bandeira sanitaria. Estes recortes, perpetuamente denunciados por este Grupo Parlamentar, causan non só os colapsos nos servizos de atención de urxencias, senón as saturacións nos servizos de hospitalización, incapaces de recibir ingresos en moitos casos, ben por ausencia de camas, ben por ausencia de persoal suficiente.

Así, o deterioro é completo afectando incluso como sucedeu no mes de marzo na área de Vigo, aos servizos cirúrxicos e, polo tanto, ás listas de espera, tendo que cancelar intervencións programadas ante a ausencia de camas para hospitalizar posteriormente a estas persoas.

Ao mesmo tempo, os traslados a centros privados séguense sucedendo, sen que nin a opinión pública, nin o propio Parlamento poida coñecer o número exacto, xa que, a pesares de anteriores interpelacións e preguntas de Alternativa Galega de Esquerda

solicitando estes datos, a Consellería continúa mantendo a súa habitual opacidade e ocultando estas cifras, que supomos, porían en evidencia a súa xa coñecida mala xestión sanitaria.

Por estes motivos, **interpélase** para coñecer:

- 1.- Cantas camas pechadas se mantiveron en cada Área Sanitaria nos diferentes meses de 2015 e por canto tempo?
- 2.- Que porcentaxe e cifra total de cobertura de baixas, permisos e días libres se realizaron con persoal eventual en cada categoría profesional durante eses meses?
- 3.- Cal é o número de traslados a centros privados/concertados en cada Área Sanitaria para eses meses?
- 4.- Que pensa facer a Xunta de Galicia para solventar esta situación? Ten algún tipo de Plan de Choque?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2015

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do GP da AGE

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 25/03/2015 12:31:29